

SECCIÓN ÁUREA

O de fóra, mellor

O bucle no que se converteron as televisións xeralistas obríganos a botar man de canles culturais que nos transportan a outros lugares e outras culturas. Non sei se é mellor tragarse as liortas dos nosos políticos ou ter envexa do que fan fóra co seu legado.

A maior parte dos pobos europeos manteñen as súas tradicións, e séntense orgullosos da súa historia, respectando cada pedra e cada madeira das súas casas. Cántannos cada pormenor das súas vilas, gabándose de ter conservada a súa historia e senten a necesidade de inmortalizala e fosilizala, ás veces a pena de perder comodidades do mundo contemporáneo.

Nós somos unha das excepcións. Todo o que vén de fóra é mellor que o noso. E pasa en todos os eidos da cultura, tanto na música como na arquitectura como nas propias festas: celebramos Halloween cando temos o día dos Defuntos. Nas conversas con vascos e cataláns indicáronme que invisten antes en artistas da súa comunidade que nos de outras. Nós preferimos investir en artistas de fóra. Non será porque sexan mellores que os nosos. E se temos que cargarnos a madeira dunha casa para poñer unha placa de cemento, non nos cortamos un pelo.

Con todo, deñde hai tempo veño reclamando todas estas cousas, e xa temos algo claro, e recoñecémolo. Pero seguimos sen ter un estudo científico que nos xustifique o porque, que neurona dos galegos marchou, se a emigración foi clave en todo isto. Algo falla para que prefiramos o de fóra ao noso, e deste xeito perdemos a nosa identidade a pasos xigantes. Algo temos que cambiar, e moito. Debemos facérnolo mirar se non queremos pasar por parvos.

Turismo a toda costa

Enrique Eduardo Iglesias Seoane
Secretario da Fundación Bandomil

«Recupérase o que fomos na historia»

A descuberta do Bandomil romano trae para esta aldea un papel clave en Galicia

PATRICIA BLANCO
CARBALLO / LA VOZ

Dende a creación da Fundación Bandomil, no 2018, Enrique Eduardo Iglesias é o seu secretario. Funcionario, fillo de emigrantes a Uruguay, onde naceu no 1970, volveron a Zas cando el tiña só 9 anos. Dende hai uns cantos está asentado en Bandomil. Iglesias sempre tivo gusto pola historia, lía e gardaba documentación antiga sobre a súa aldea ou confeccionaba árbores xenealóxicos da familia, así que todo o descubrimento do Bandomil romano teno implicado e ilusionado.

—**Bandomil agochaba tesouros.**

—Así se cría, xa polas pezas que se conservaban de tempos dos nosos antepasados. Por iso cando á fundación lle aparece a posibilidade de mercar algunha finca, foise para adiante, para facer catas. Sabíase que aí onde apareceu o xacemento pasaba a antiga vía que ía cara Muxía e Fisterra.

—**Sorprendeulle aos veciños?**

—Algúns dos máis maiores diciannos que alí nunca atoparan nada. Pero en canto empezaron a saír muros, e a verse, non hai día no que non vaian para velo.

—**A importancia de Bandomil non é só para Zas. É para Galicia.**

—Hai pouco presentouse, por agora só o volume un, o libro *Epigraña romana de Galicia*, editado pola Fundación L. Monteagudo. Na comarca Terra de Soneira só aparece Bandomil, con 13 elementos, e Santa Baia de Tines (Vimianzo), cunha estela. Bandomil debeu de ser unha grande vila ou cidade romana hai moito tempo, e iso é o que se intenta recuperar, ese pasado. Recuperar algo do que fomos na historia. Hoxe non chegamos a ser 30 veciños.

—**Fixeron xa varios documentais, editaron libros, promoveron escavacións... Nin Fundación nin Concello de Zas perderon tempo.**



Enrique Eduardo Iglesias, onte mesmo, en Bandomil, Zas. ANA GARCÍA

—E habrá máis proxectos. Por agora van tres documentais e dous libros. Andamos a voltas cun terceiro. A seguinte idea é crear un museo virtual dentro da web da fundación, con todas as pezas que saíron de Bandomil, para que dende un ordenador se poida ter acceso universal a elas. Velas fisicamente requiriría de permisos e percorrer moitos lugares, polo que esta visita virtual facilitaríala o conxunto, sempre en actualización. É darlle á xente o *gusanillo* para que logo se achegue aquí, máis da que xa o está facendo neste momento.

—**Teñen moitas visitas?**

—Moita xente, e non toda a vexo eu. A veces coméntanme os veciños, e din tamén que convén unha sinalización, estamos niso. Noutras ocasións a xente que quere

vir contacta co Concello de Zas, entidade que está a colaborar enteiraamente con todo isto. Cando é así chámame, por se ando por aquí, e se podo facemos un percorrido. Non son historiador nin arqueólogo, o que lles traslado é todo a forza de ler as memorias dos expertos nisto, do que lles escoito contar e de ver como evoluciona.

—**Queda moito por descubrir.**

—Cada vez que hai unha pequena escavación aparece algo máis. Na que fixo o Concello xunto á ponte vella apareceu ese camiño real e parece que pode haber calzada romana debaixo, superposición de vías. Sería un camiño real dos poucos que estarían á vista na provincia. Polo que din os arqueólogos, o que está a aparecer aquí é único. Isto pode xerar un futuro mellor para os veciños

de Bandomil. Todo está rodeado ademais dun entorno natural, non explotado. Isto quedou aquí soterrado dous mil anos, e agora...

—**Queren que quede á vista.**

—A idea é, co apoio e autorización de Patrimonio, consolidar os muros, igual que a vía romana, para facer un museo ao aire libre, carteis, indicacións... En canto a escavacións, hai pendente un proxecto de novo por parte do Concello, pero precisamos que paren as chuvias para a intervención.

—**Que lle gustaría que se atopase?**

—Un miliario, ou algo que nos dixera que vila romana era Bandomil no seu tempo. Levamos uns 300 anos querendo sabelo [rí]. Temos a ilusión de que esa nova escavación que promova o Concello descubra tamén máis esa estrutura habitacional que se atopou.

—**Visítanos tamén pequenos?**

—Cando hai escavacións sempre temos meniños. Dá gusto concienciar no respecto ao patrimonio, poden coñecer unha parte de Roma dende Bandomil. Outra idea pasa xusto por crear unidades didácticas para entregar nos colexios da zona, que logo cubran un pequeno formulario...

—**Paran a ver os peregrinos?**

—Si, e quedan sorprendidos, ver o camiño real a pé da ponte. Unha vía que foi enlace de comunicación entre Santiago e a Costa da Morte, Muxía e Fisterra, durante 1.900 anos, e que o seguiu sendo ata que se fixo a estrada.

—**Na reivindicación do Camiño teñen outro punto de traballo.**

—Continúase co traballo emprendido xa por xeracións dos 90 ou dos 2000. O Camiño pasaba por Bandomil, pero á parte do recoñecemento do Arcebispo precisase o da Xunta. Bifurcábase en Cotón, un ramal cara Muxía e outro cara Fisterra. Ese cara Muxía era o que pasaba, e pasa, por aquí. Non existe dúbida ningunha do carácter xacobeo deste Camiño.



MONÇAO

Hotel Bienestar Termas de Monçao

Magnífica escapada para 2 personas: Alojamiento, desayuno, spa y opción a cena buffet



DESCUENTO
33%

PRECIO DESDE
75€

Entra en
oferplan.lavozdeg Galicia.es
y compra tu cupón

Canje de cupones: ver condiciones de las ofertas en oferplan.lavozdeg Galicia.es. Oferta disponible en oferplan.lavozdeg Galicia.es gestionada por Canal Voz, S.L., con domicilio social en Ronda de Outeiro, 1-3, 15006 A Coruña. Condiciones de Uso y Protección de Datos disponibles en oferplan.lavozdeg Galicia.es